Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA Nº 2021/5

SESIÓN ORDINARIA
DO PLENO DA CORPORACIÓN

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME,
VENRES, 24 DE SETEMBRO DE 2021

No día de hoxe, ás **20:35 horas**, baixo a presidencia da Alcaldía-Presidencia, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **SESIÓN ORDINARIA** do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS (PP)

ASISTEN:
PP (GPM do PP)
RAMON MANUEL MARTINEZ RIAL
RAMÓN FIGUEROA PÉREZ
YÉSICA FERNÁNDEZ MIGUÉNS
JESÚS MARTÍNEZ CASTRO
JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

PSdG-PSOE (GPM do PSdG-PSOE)
JULIO MANUEL DANIEL PARADELA BUSTO
BEATRIZ GONZALEZ BARGO
IVAN BERMUDEZ CASTRO

BNG (Grupo Mixto)
ANXO MOLEDO CARREÑO

AUSENCIAS:
SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA (PP)

SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:
PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaria (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 04/10/2021 12:37:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 04/10/2021 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: BmRFnPUM45bVyMw+PIBz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Parte resolutiva:

1 Aprobación dos borradores das actas das sesións anteriores: Sesión Ordinaria do 30.07.2021
2 Aprobación, se procede, da Declaración Institucional sobre os discursos de odio.
3 Aprobación inicial, se procede, do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Lousame.
4 Aprobación, se procede, da Conta Xeral do exercicio 2020.

Parte de Control:

5 Dación de conta das Resolucións da Alcaldía, da 420/2021 á 506/2021.
6 Dación de conta do PMP do 2T 2021.
7 Inclusión, se procede, de mocións por razón de urxencia
8 Rogos e Preguntas.

1) APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

A Alcaldía sinala que vai someter a votación os borradores das Actas de anteriores sesións pendentes de aprobar.

→ ***Acta da sesión plenaria ordinaria do 30.07.2021***

Non habendo observacións, sométese a acta a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: aprobar a acta da sesión plenaria ordinaria do 30.07.2021.

2) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE OS DISCURSOS DE ODIO

A Alcaldía-Presidencia da conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Competencia Plenaria (do 20.09.2021) que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é o que de seguido se indica:

DITAME, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE OS DISCURSOS DE ODIO

En consecuencia, a Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria, por unanimidade dos sete (7) concelleiros presentes, sendo sete (7) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, ditamina favorablemente o seguinte acordo:

<<Os discursos de odio poden definirse como calquera forma de comunicación de palabra, por escrito ou a través do comportamentos, que constitúan un ataque, utilizando unha linguaxe pexorativa ou discriminatoria por razón de relixión, orixe étnico, nacionalidade, raza, cor, clase social, sexo, xénero ou calquera outro factor de identidade.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 04/10/2021 12:37:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 04/10/2021 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: BmRFnPUM45bVyMw+PIBz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

É obvio que os discursos de odio teñen a súa orixe na intolerancia, na non aceptación da diferenza, e que repercuten negativamente no clima social e polo tanto teñen consecuencias: non son inocuos, polo que afectan gravemente á convivencia.

Debemos polo tanto rexeitar o preocupante incremento que vemos nos últimos anos dos delitos contra a integridade das persoas, baseados no sinalamento excluínte da diferenza, e que moitas veces, atopan amparo ou teñen orixe nos discursos de organizacións políticas, sociais ou persoeiros públicos.

A protección dos dereitos humanos, a prevención da violencia e a loita contra todo tipo de violencias e discriminacións, precisa dun compromiso claro por parte de todas as forzas políticas no rexeitamento, na non xustificación e por suposto na non utilización dos chamados discursos de odio.

Polo tanto a loita pola igualdade, por conseguir unha sociedade máis xusta, inclusiva, diversa e tolerante, non será posible se non erradicamos do debate social e político os discursos de odio.

Tendo en conta o exposto, a petición dos grupos políticos municipais, o Pleno Corporativo ACORDA:

Primeiro: Que dende todos os grupos políticos do Concello se faga de xeito unánime a firme condena de todo tipo de atentados contra a vida das persoas, sen cuestionar, amparar ou xustificar as circunstancias persoais das vítimas.

Segundo: Condenar e rexeitar os discursos que pola súa natureza ou contido alentan a discriminación ou trato diferenciado por razón de sexo, xénero, raza, procedencia, etnia, posición social, etc. e que poden contribuír á xustificación de actitudes sexistas, homófobas, xenófobas, etc que non deben ter cabida na nosa sociedade.

Terceiro: Promover que en cantos programas, actos, campañas que dependan directamente do Concello, conteñan valores compatibles coa igualdade, o respecto á diferenza e á diversidade>>

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

Non habendo intervencións, a Alcaldía somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<Os discursos de odio poden definirse como calquera forma de comunicación de palabra, por escrito ou a través do comportamentos, que constitúan un ataque, utilizando unha linguaxe pexorativa ou discriminatoria por razón de relixión, orixe étnico, nacionalidade, raza, cor, clase social, sexo, xénero ou calquera outro factor de identidade.

É obvio que os discursos de odio teñen a súa orixe na intolerancia, na non aceptación da diferenza, e que repercuten negativamente no clima social e polo tanto teñen consecuencias: non son inocuos, polo que afectan gravemente á convivencia.

Debemos polo tanto rexeitar o preocupante incremento que vemos nos últimos anos dos delitos contra a integridade das persoas, baseados no sinalamento excluínte da diferenza, e que moitas veces, atopan amparo ou teñen orixe nos discursos de organizacións políticas, sociais ou persoeiros públicos.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 04/10/2021 12:37:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 04/10/2021 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: BmRFnPUM45bVyMw+PIBz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A protección dos dereitos humanos, a prevención da violencia e a loita contra todo tipo de violencias e discriminacións, precisa dun compromiso claro por parte de todas as forzas políticas no rexeitamento, na non xustificación e por suposto na non utilización dos chamados discursos de odio.

Polo tanto a loita pola igualdade, por conseguir unha sociedade máis xusta, inclusiva, diversa e tolerante, non será posible se non erradicamos do debate social e político os discursos de odio.

Tendo en conta o exposto, a petición dos grupos políticos municipais, o Pleno Corporativo ACORDA:

Primeiro: Que dende todos os grupos políticos do Concello se faga de xeito unánime a firme condena de todo tipo de atentados contra a vida das persoas, sen cuestionar, amparar ou xustificar as circunstancias persoais das vítimas.

Segundo: Condenar e rexeitar os discursos que pola súa natureza ou contido alentan a discriminación ou trato diferenciado por razón de sexo, xénero, raza, procedencia, etnia, posición social, etc. e que poden contribuír á xustificación de actitudes sexistas, homófobas, xenófobas, etc que non deben ter cabida na nosa sociedade.

Terceiro: Promover que en cantos programas, actos, campañas que dependan directamente do Concello, conteñan valores compatibles coa igualdade, o respecto á diferenza e á diversidade>>

---

3) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE LOUSAME

A Alcaldía-Presidencia da conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Competencia Plenaria (do 20.09.2021) que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é o que de seguido se indica:

DITAME, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE LOUSAME.

En consecuencia, a Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria, por unanimidade dos sete (7) concelleiros presentes, sendo sete (7) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, ditamina favorablemente o seguinte acordo:

Asunto: Regulamento para a concesión de honras e distincións do Concello de Lousame.
Expediente: 2021/G013/000001

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamento xurídicos:

Antecedentes Administrativos:

1. O Concello de Lousame ten interese público en aprobar un Regulamento para a concesión de honras e distincións.

2. Na aplicación do artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e co obxecto de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 04/10/2021 12:37:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 04/10/2021 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: BmRFnPUM45bVyMw+PIBz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

elaboración das normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de ordenanza fiscal, debe realizarse unha **consulta pública**, a través do portal web do Concello, na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma, acerca de:

a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa
b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación
c) Os obxectivos da norma
d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Esta consulta foi publicada o día 06/07/2021 no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello e na páxina web municipal o día 07/07/2021, outorgando un prazo de 10 días hábiles para que os interesados puideran facer chegar as súas opinións. O dito prazo venceu o día 21/07/2021, sen que conste presentada ningún tipo de opinión ou recomendación.

3. De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e co obxecto de dar audiencia aos potenciais cidadáns afectados, así como recabar cantas aportacións adicionais poidan facerse por outras persoas, entidades ou organizacións, debe realizarse un período de **información pública**, a través do portal web do Concello.

   Este trámite de información foi publicado o día 27/07/2021 tanto no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello coma na páxina web municipal, outorgando un prazo de 10 días hábiles para que os interesados puideran facer chegar as súas achegas adicionais. O dito prazo venceu o día 11/08/2021, sen que conste presentada ningún tipo de achega adicional.

4. Informe da Secretaría-Intervención núm. 171 do 20.08.2021

Fundamentación Xurídica:

1. O órgano competente par a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

2. O procedemento para aprobar a ordenanza é o regulado no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA**:

Primeiro: Aprobar inicialmente o "***Regulamento para a concesión de Honras e Distincións do Concello de Lousame***", nos termos que figuran no expediente e coa redacción que se recolle no Anexo a este acordo.

Segundo: Abrir o período de información pública, por un prazo de 30 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Terceiro: No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

Cuarto: Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor do Regulamento terá lugar cando se publique completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.

ANEXO:

REGULAMENTO PARA A CONCESIÓN DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE LOUSAME

PREÁMBULO

O Concello de Lousame atendendo ao principio de autonomía local e ás competencias que lle corresponden conforme ao artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, considera necesaria a

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 04/10/2021 12:37:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 04/10/2021 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: BmRFnPUM45bVyMw+PIBz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

regulación oportuna que permita recoñecer e premiar servizos extraordinarios para a localidade realizados por persoas físicas ou xurídicas, de tal modo que se recoñezan os devanditos méritos de maneira pública, destacando aquelas condutas que sexan merecedoras de devandito recoñecemento, sobre todo valores como a tolerancia, a liberdade e o amor á terra.

Os títulos e distincións que concede o Concello son soamente honoríficos, e por tanto, non teñen una compensación económica ou de calquera outro medio.

O Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, nos artigos 186 a 190, regula as Honras e Distincións das Entidades Locais. Así, no artigo 189 sinálase que as Corporacións Locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións ou outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios, así como para acordar nomeamentos de fillos predilectos e adoptivos e de membros honorarios da Corporación, atendidos os méritos, calidades e circunstancias singulares que nos galardoados concorran e que serán aplicados co maior rigor en expediente que se instruirá ao efecto.

Todo iso vén xustificar a adecuación da norma aos principios de boa regulación previstos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumprindo con iso a obrigación das Administracións Públicas de actuar de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1. OBXECTO DO REGULAMENTO. ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1.- O presente Regulamento, ditado ao amparo do establecido na Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, ten por obxecto determinar as distincións honoríficas que concede o Concello de Lousame, así como o procedemento para a súa concesión.

1.2.- As mencións, felicitacións, homenaxe e demais actos de recoñecemento a favor de persoas ou institucións expresados por autoridades u órganos municipais e non previstos neste regulamento, someteranse ás normas específicas ou xerais do procedemento, pero non terán o carácter de distinción honorífica do Concello, xa que o dito carácter soamente será aplicable ás contempladas no presente Regulamento.

ARTIGO 2. CLASIFICACIÓN DE HONRAS E DISTINCIÓNS

Os títulos, honras e distincións que con carácter oficial poderá conceder o Concello son os seguintes:

a) Título de fillo/a predilecto/a
b) Título de fillo/a adoptivo/a
c) Nomeamento de membro honorario
d) Medalla de ouro
e) Nomeamento de praza, rúa, ou calquera establecemento, instalación ou servizo dependente do Concello, e colocación de placas, monumentos e elementos análogos
f) Outras distincións.

ARTIGO 3. CARÁCTER DAS HONRAS E DISTINCIÓNS

Todos os títulos, honras e distincións a que fai referencia este Regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico, sen que, por conseguinte, outorguen ningún dereito administrativo nin de carácter económico.

ARTIGO 4. FORMALIDADES PARA A CONCESIÓN DAS DISTINCIÓNS

4.1.- Correspóndelle á Alcaldía (ou órgano en quen delegue) a presentación das propostas de outorgamento das diferentes honras e distincións, xa sexa por propia iniciativa ou previa petición de:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 04/10/2021 12:37:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 04/10/2021 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: BmRFnPUM45bVyMw+PIBz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

a) Un terzo dos membros da Corporación
b) Tres asociacións do Concello ou entidades cidadás representativas, debendo cada unha delas contar cun mínimo de 25 socios.

4.2.- A Alcaldía (ou órgano en quen delegue) decidirá sobre o arquivo ou tramitación da solicitude, e soamente se notificará aos solicitantes, o acordo definitivo da concesión cando sexa favorable, pero en ningún caso terán a consideración de parte no expediente a ningún outro efecto.

4.3.- Ben sexa por iniciativa propia ou porque acordase a tramitación da solicitude correspondente, a Alcaldía (ou órgano en quen delegue) redactará unha proposición, na que fará constar os méritos do/a candidato/a. Esta proposición será sometida a ditame da comisión informativa correspondente e posteriormente a aprobación do Concello Pleno; agás para as distincións ás que se refiren os puntos e) y f) do artigo 2, nas que se estará ao establecido especificamente nos capítulos V e VI.

4.4.–A concesión das honras e distincións previstas no presente Regulamento, a personalidades estranxeiras que non posúan a cidadanía dalgún dos Estados membros da Unión Europea, requirirá a obtención da autorización expresa do Ministerio para as Administracións Públicas, previo informe do de Asuntos Exteriores.

4.5.–O acordo da concesión notificarase pola Alcaldía ao nomeado/a ou familiar/es máis achegado/s, a xuízo desta.

4.5.–A concesión das honras e distincións reguladas no presente Regulamento unicamente poderán ser revogadas se os interesados realizasen con posterioridade ao seu outorgamento actos ou manifestacións que lles fagan indignos da súa titularidade ou de menosprezo aos méritos que no seu día foron causa do seu outorgamento. O trámite será análogo ao establecido para a concesión.

CAPÍTULO II. TÍTULO DE FILLO/A PREDILECTO/A E FILLO/A ADOPTIVO/A DO CONCELLO DE LOUSAME.

ARTIGO 5. DEFINICIÓN

5.1.- O título de fillo/a predilecto/a do Concello de Lousame poderá recaer naqueles/as que nados/as en Lousame polas súas destacadas cualidades persoais, méritos sinalados e singularmente por ter prestado servizos extraordinarios relevantes para os intereses xerais do municipio, os/as fagan merecentes do agradecemento e da gratitude dos veciños.

5.2.- O nomeamento de fillo/a adoptivo/a poderá conferirse a favor de persoas que, sen ser naturais de Lousame, reúnan os méritos e circunstancias enumeradas anteriormente.

5.3.–Tanto o título de fillo/a predilecto/a e de fillo/a adoptivo/a poderán ser concedidos como póstumo homenaxe ao falecemento de personalidades nas que concorran os merecementos citados.

ARTIGO 6. CONCESIÓN

A concesión de título de fillo/a predilecto/a e de fillo/a adoptivo/a será acordada, a proposta da Alcaldía-Presidencia (ou do órgano no que delegue), polo Concello Pleno co voto favorable da maioría absoluta dos membros da Corporación.

ARTIGO 7. TÍTULO

7.1.- Aprobada a concesión polo Concello Pleno, o título entregarase en presenza da Corporación, convocada ao efecto para a celebración do acto solemne, que se levará a cabo no lugar que se estime idóneo, os efectos de permitir a asistencia dos cidadáns.

7.2.- O expresado título estenderase nun pergamiño no que constará o título, o nome e os apelidos do/a designado/a, as razóns en que se basea a súa concesión e a data do recoñecemento pola Corporación, e será asinado pola Alcaldía-Presidencia, en representación da mesma.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 04/10/2021 12:37:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 04/10/2021 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: BmRFnPUM45bVyMw+PIBz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

7.3.- Os títulos de fillo/a predilecto/a e de fillo/a adoptivo/a de Lousame, dará dereito a aqueles/as que os ostenten, a ocupar o lugar preferente que sinale o protocolo, nos actos organizados polo Concello aos que sexan invitados.

CAPÍTULO III. NOMEAMENTO DE MEMBRO HONORARIO DO CONCELLO DE LOUSAME.

ARTIGO 8. DEFINICIÓN

8.1.- Poderá outorgarse o nomeamento de membro honorario do Concello de Lousame a persoas españolas ou estranxeiras, xa coma mostra da alta consideración que merecen por evidentes méritos e cualidades persoais, xa como correspondencia a distincións análogas de que foran obxecto a Corporación ou autoridades municipais de Lousame.

8.2.- Sen prexuízo do establecido no artigo 4.5, o nomeamento de membro honorífico poderá facerse con carácter vitalicio, ou por prazo limitado ou circunscrito ao período que corresponda ao cargo que ocupe o/a designado/a, cando a designación fose acordada expresamente en atención a devandito cargo.

ARTIGO 9. CONCESIÓN

A concesión deste nomeamento será acordada, a proposta da Alcaldía-Presidencia (ou do órgano no que delegue), polo Concello Pleno co voto favorable da maioría absoluta dos membros da Corporación.

ARTIGO 10. TÍTULO

10.1.- As persoas ás cales se concedan estes nomeamentos, non terán ningunha facultade para intervir no goberno nin administración municipal; se ben poderán prestar servizos de xeito altruísta e desinteresado ao Concello, e especialmente asesorar á Alcaldía Presidencia, naqueles asuntos que lles sexan consultados e postos de manifesto. Asemade a Alcaldía poderá encomendarlles funcións representativas a exercer fora do termo municipal.

10.2.- O nomeamento de Membro Honorario do Concello de Lousame será acreditado por medio da expedición da correspondente certificación pola Secretaría da Corporación, co visto e prace da Alcaldía-Presidencia, na que constará o acordo plenario de dito recoñecemento. A súa entrega será realizada pola Alcaldía-Presidencia, nun acto solemne para o que será convocada a Corporación Municipal, e que terá lugar no Salón de Plenos ou local habilitado ao efecto.

CAPÍTULO IV. MEDALLA DE OURO

ARTIGO 11. DEFINICIÓN

A Medalla de Ouro do Concello de Lousame é unha condecoración creada para premiar a aquelas persoas, entidades, corporacións, institucións ou colectivos, tanto nacionais como estranxeiros, que polo seus propios méritos acadasen un prestixio social excepcional no eido no que desenvolven as súas actividades e que polo especial vencello co Concello de Lousame contribúan a mellorar a súa imaxe, divulgar o seu coñecemento e favorecer de modo notable os intereses públicos municipais.

ARTIGO 12. CONCESIÓN

A concesión desta condecoración será acordada, a proposta da Alcaldía-Presidencia (ou do órgano no que delegue), polo Concello Pleno, co voto favorable da maioría absoluta dos membros da Corporación.

ARTIGO 13. TÍTULO

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 04/10/2021 12:37:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 04/10/2021 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: BmRFnPUM45bVyMw+PIBz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

13.1.- A Medalla de Ouro levará no anverso o escudo oficial do Concello de Lousame e no reverso o título, nome e apelidos do/a premiado/a e a data de concesión da distinción.

13.2.- A Alcaldía-Presidencia procederá á entrega da condecoración da Medalla de Ouro, nun acto solemne para o que será convocada a Corporación municipal e que terá lugar do salón de sesións do Concello ou local habilitado ao efecto.

CAPÍTULO V. NOMEAMENTO DE PRAZAS, RÚAS OU CALQUERA INSTALACIÓN OU SERVIZO DEPENDENTE DO CONCELLO. COLOCACIÓN DE PLACAS, MONUMENTOS E ELEMENTOS ANÁLOGOS.

ARTIGO 14.

Para determinar o nome de prazas, rúas, xardíns, edificios, instalación, servizos, etcétera de titularidade municipal, deberá incoarse o correspondente expediente, no que se explicará sucintamente os motivos que xustifican a elección do nome. No caso de que constitúan un homenaxe as persoas, institucións, símbolos ou feitos singularizados, engadirase unha memoria acreditativa dos méritos que as fagan merecedoras da distinción.

ARTIGO 15.

15.1.- O nomeamento a que se refire o artigo anterior e a colocación da correspondente placa ou rótulo deberá ser acordada polo Concello Pleno, previo ditame da Comisión Informativa correspondente.

15.2.- O acordo deberá adoptarse co quórum da maioría absoluta no caso de que o dito nomeamento constitúa tamén unha homenaxe a persoas, institucións, símbolos ou feitos singularizados, e será comunicado pola Alcaldía aos homenaxeados. Nos demais casos, abondará coa maioría simple.

ARTIGO 16.

Para a colocación de placas conmemorativas, monumentos e elementos análogos terase en conta:

1.–Cando o elemento estea previsto ou sexa a consecuencia dun proxecto aprobado polos órganos municipais, non esixirá resolución algunha.

2.–Cando se acorde de maneira singular colocar unha placa conmemorativa ou erixir un monumento con carácter de homenaxe ou distinción a unha determinada persoa ou entidade ou en conmemoración de feitos ou lugares, a Resolución corresponderá á Alcaldía.

3.–Cando a colocación se faga en terreos privados a iniciativa particular, deberá contar coas licencias esixidas na normativa urbanística e de protección do patrimonio e o seu obxecto e contido deberán ser lícitos, estando prohibida expresamente a exaltación indebida ou a denigración de persoas, os símbolos e textos antidemocráticos, racistas, sexistas, sectarios ou calquera outros que poidan resultar ofensivos para principios ou valores protexidos polo ordenamento constitucional.

4.–Colocación en lugares e/ou edificios públicos a iniciativas de terceiros. Deberán cumprir todos e cada un dos requisitos establecidos nos apartados anteriores, sendo a cargo dos promotores a totalidade dos custes que se xeren, sen prexuízo das axudas ou colaboración municipal que discrecionalmente se acorde.
5.–Nos supostos comprendidos no apartado 4 deste artigo, o acto de descubrimento deberá ser comunicado á Alcaldía que determinará a participación institucional e o protocolo do acto no que deberá darse participación aos promotores.

6.–No caso de que por iniciativa particular se proceda á colocación de placas conmemorativas, monumentos ou elementos análogos en lugares e/ou edificios públicos sen a previa tramitación do expediente e autorización expresa do Concello, este poderá proceder á súa inmediata retirada, sen que se teña que realizar tramitación algunha previa á mesma.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 04/10/2021 12:37:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 04/10/2021 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: BmRFnPUM45bVyMw+PIBz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

7.–O descubrimento de rótulos de rúas, placas conmemorativas, monumentos e outros elementos análogos, cando constituían unha homenaxe a persoas ou entidades determinadas, realizarase en acto público ao que serán invitados especialmente ditas persoas ou entidades. Nos demais supostos, a Alcaldía determinará a forma na que se procederá á súa inauguración.

CAPÍTULO VI. OUTRAS DISTINCIÓNS E HONRAS

ARTIGO 17. LOITO OFICIAL

17.1.- O Concello Pleno poderá declarar loito oficial no termo municipal durante os días que estime oportuno, nos supostos de falecemento de persoas relevantes para a localidade ou de sinistros dos que se deriven consecuencias graves para o Concello, así como por outros feitos cuxa gravidade xustifique a citada declaración. A devandita declaración será aprobada por maioría simple.

17.2– Nos casos de urxencia, a declaración de loito oficial poderá efectuarse por Resolución da Alcaldía, da que se dará conta ao Pleno do Concello na primeira sesión que teña lugar.

17.3.– A declaración de loito oficial comportará que as bandeiras ondearán a media hasta na Casa do Concello, e no seu caso, nos demais edificios de titularidade municipal.

17.4.– No caso de falecemento de calquera persoa condecorada con algunha das distincións do presente Regulamento, de calquera membro da Corporación que estea no exercicio do cargo e aquelas persoas que fosen elixidos Alcaldes/as, agás da renuncia expresa, terá dereito a que o velorio do cadáver se instale no salón de sesións da Casa do Concello.

ARTIGO 18. RECOÑECEMENTO AOS ALCALDES/AS

18.1.- O recoñecemento aos servizos prestados polos Alcaldes/Alcaldesas da democracia dende o 3 de abril de 1979, levarase a cabo, sen prexuízo da concesión doutras distincións contempladas no presente Regulamento, a través do encargo, a un artista ou fotógrafo de recoñecido prestixio, dun retrato/fotografía de cada un deles/delas, aos que se irán incorporando os sucesivos mandatarios no momento da súa toma de posesión, agás a renuncia expresa e persoal dos mesmos.

18.2.– Os devanditos retratos ou fotografías estarán expostos nun lugar relevante da Casa do Concello.

ARTIGO 19. MEDALLAS AOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

Todos os membros da Corporación, por unha soa vez e con motivo da súa toma de posesión, recibirán en propiedade a medalla co escudo municipal, que deberán lucir nos actos públicos a que asistan na súa condición de concelleiros/as.

ARTIGO 20. DISTINCIÓNS PROTOCOLARIAS

Por motivos de cortesía ou reciprocidade a Alcaldía, sen necesidade de incoar expediente administrativo ningún, poderá facer entrega de placas conmemorativas, escudos, insignias ou outros obxectos simbólicos, que non impliquen ningunha prerrogativa ou dignidade, a autoridades públicas, personalidades, institucións, colaboradores, etc

CAPÍTULO VII. O LIBRO REXISTRO DE DISTINCIÓNS HONORÍFICAS

ARTIGO 21. DEFINICIÓN

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 04/10/2021 12:37:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 04/10/2021 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: BmRFnPUM45bVyMw+PIBz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Crease o Libro de Rexistro de Distincións Honoríficas do Concello de Lousame, que estará a cargo da Secretaría do Concello, no que se consignarán as circunstancias persoais de todos e cada un dos favorecidos con algunha das distincións a que se refire o presente Regulamento, a relación detallada e completa dos méritos que deron motivo á súa concesión, a súa data, e no seu caso, a do falecemento de quen recibise esa honra.

O devandito rexistro poderá ser xestionado e mantido a través de soporte informático.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello, e publicado o seu texto integramente no Boletín Oficial da Provincial, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do de abril, de acordo co establecido no artigo 49 do mesmo texto legal.

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

Non habendo intervencións, a Alcaldía somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

Asunto: Regulamento para a concesión de honras e distincións do Concello de Lousame.
Expediente: 2021/G013/000001

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamento xurídicos:

Antecedentes Administrativos:

1. O Concello de Lousame ten interese público en aprobar un Regulamento para a concesión de honras e distincións.

2. Na aplicación do artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e co obxecto de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración das normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de ordenanza fiscal, debe realizarse unha **consulta pública**, a través do portal web do Concello, na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma, acerca de:

   a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa
   b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación
   c) Os obxectivos da norma
   d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

   Esta consulta foi publicada o día 06/07/2021 no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello e na páxina web municipal o día 07/07/2021, outorgando un prazo de 10 días hábiles para que os interesados puideran facer chegar as súas opinións. O dito prazo venceu o día 21/07/2021, sen que conste presentada ningún tipo de opinión ou recomendación.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 04/10/2021 12:37:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 04/10/2021 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: BmRFnPUM45bVyMw+PIBz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3. De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e co obxecto de dar audiencia aos potenciais cidadáns afectados, así como recabar cantas aportacións adicionais poidan facerse por outras persoas, entidades ou organizacións, debe realizarse un período de **información pública**, a través do portal web do Concello.

   Este trámite de información foi publicado o día 27/07/2021 tanto no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello coma na páxina web municipal, outorgando un prazo de 10 días hábiles para que os interesados puideran facer chegar as súas achegas adicionais. O dito prazo venceu o día 11/08/2021, sen que conste presentada ningún tipo de achega adicional.

4. Informe da Secretaría-Intervención núm. 171 do 20.08.2021

Fundamentación Xurídica:

1. O órgano competente par a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

2. O procedemento para aprobar a ordenanza é o regulado no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA**:

Primeiro: Aprobar inicialmente o "***Regulamento para a concesión de Honras e Distincións do Concello de Lousame***", nos termos que figuran no expediente e coa redacción que se recolle no Anexo a este acordo.

Segundo: Abrir o período de información pública, por un prazo de 30 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Terceiro: No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

Cuarto: Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor do Regulamento terá lugar cando se publique completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.

ANEXO:

REGULAMENTO PARA A CONCESIÓN DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE LOUSAME

PREÁMBULO

O Concello de Lousame atendendo ao principio de autonomía local e ás competencias que lle corresponden conforme ao artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, considera necesaria a regulación oportuna que permita recoñecer e premiar servizos extraordinarios para a localidade realizados por persoas físicas ou xurídicas, de tal modo que se

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 04/10/2021 12:37:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 04/10/2021 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: BmRFnPUM45bVyMw+PIBz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

recoñezan os devanditos méritos de maneira pública, destacando aquelas condutas que sexan merecedoras de devandito recoñecemento, sobre todo valores como a tolerancia, a liberdade e o amor á terra.

Os títulos e distincións que concede o Concello son soamente honoríficos, e por tanto, non teñen una compensación económica ou de calquera outro medio.

O Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, nos artigos 186 a 190, regula as Honras e Distincións das Entidades Locais. Así, no artigo 189 sinálase que as Corporacións Locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións ou outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios, así como para acordar nomeamentos de fillos predilectos e adoptivos e de membros honorarios da Corporación, atendidos os méritos, calidades e circunstancias singulares que nos galardoados concorran e que serán aplicados co maior rigor en expediente que se instruirá ao efecto.

Todo iso vén xustificar a adecuación da norma aos principios de boa regulación previstos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumprindo con iso a obrigación das Administracións Públicas de actuar de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1. OBXECTO DO REGULAMENTO. ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1.- O presente Regulamento, ditado ao amparo do establecido na Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, ten por obxecto determinar as distincións honoríficas que concede o Concello de Lousame, así como o procedemento para a súa concesión.

1.2.- As mencións, felicitacións, homenaxe e demais actos de recoñecemento a favor de persoas ou institucións expresados por autoridades u órganos municipais e non previstos neste regulamento, someteranse ás normas específicas ou xerais do procedemento, pero non terán o carácter de distinción honorífica do Concello, xa que o dito carácter soamente será aplicable ás contempladas no presente Regulamento.

ARTIGO 2. CLASIFICACIÓN DE HONRAS E DISTINCIÓNS

Os títulos, honras e distincións que con carácter oficial poderá conceder o Concello son os seguintes:

a) Título de fillo/a predilecto/a
b) Título de fillo/a adoptivo/a
c) Nomeamento de membro honorario
d) Medalla de ouro
e) Nomeamento de praza, rúa, ou calquera establecemento, instalación ou servizo dependente do Concello, e colocación de placas, monumentos e elementos análogos
f) Outras distincións.

ARTIGO 3. CARÁCTER DAS HONRAS E DISTINCIÓNS

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 04/10/2021 12:37:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 04/10/2021 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: BmRFnPUM45bVyMw+PIBz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Todos os títulos, honras e distincións a que fai referencia este Regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico, sen que, por conseguinte, outorguen ningún dereito administrativo nin de carácter económico.

ARTIGO 4. FORMALIDADES PARA A CONCESIÓN DAS DISTINCIÓNS

4.1.- Correspóndelle á Alcaldía (ou órgano en quen delegue) a presentación das propostas de outorgamento das diferentes honras e distincións, xa sexa por propia iniciativa ou previa petición de:

a) Un terzo dos membros da Corporación

b) Tres asociacións do Concello ou entidades cidadás representativas, debendo cada unha delas contar cun mínimo de 25 socios.

4.2.- A Alcaldía (ou órgano en quen delegue) decidirá sobre o arquivo ou tramitación da solicitude, e soamente se notificará aos solicitantes, o acordo definitivo da concesión cando sexa favorable, pero en ningún caso terán a consideración de parte no expediente a ningún outro efecto.

4.3.- Ben sexa por iniciativa propia ou porque acordase a tramitación da solicitude correspondente, a Alcaldía (ou órgano en quen delegue) redactará unha proposición, na que fará constar os méritos do/a candidato/a. Esta proposición será sometida a ditame da comisión informativa correspondente e posteriormente a aprobación do Concello Pleno; agás para as distincións ás que se refiren os puntos e) y f) do artigo 2, nas que se estará ao establecido especificamente nos capítulos V e VI.

4.4.–A concesión das honras e distincións previstas no presente Regulamento, a personalidades estranxeiras que non posúan a cidadanía dalgún dos Estados membros da Unión Europea, requirirá a obtención da autorización expresa do Ministerio para as Administracións Públicas, previo informe do de Asuntos Exteriores.

4.5.–O acordo da concesión notificarase pola Alcaldía ao nomeado/a ou familiar/es máis achegado/s, a xuízo desta.

4.5.–A concesión das honras e distincións reguladas no presente Regulamento unicamente poderán ser revogadas se os interesados realizasen con posterioridade ao seu outorgamento actos ou manifestacións que lles fagan indignos da súa titularidade ou de menosprezo aos méritos que no seu día foron causa do seu outorgamento. O trámite será análogo ao establecido para a concesión.

CAPÍTULO II. TÍTULO DE FILLO/A PREDILECTO/A E FILLO/A ADOPTIVO/A DO CONCELLO DE LOUSAME.

ARTIGO 5. DEFINICIÓN

5.1.- O título de fillo/a predilecto/a do Concello de Lousame poderá recaer naqueles/as que nados/as en Lousame polas súas destacadas cualidades persoais, méritos sinalados e singularmente por ter prestado servizos extraordinarios relevantes para os intereses xerais do municipio, os/as fagan merecentes do agradecemento e da gratitude dos veciños.

5.2.- O nomeamento de fillo/a adoptivo/a poderá conferirse a favor de persoas que, sen ser naturais de Lousame, reúnan os méritos e circunstancias enumeradas anteriormente.

5.3.–Tanto o título de fillo/a predilecto/a e de fillo/a adoptivo/a poderán ser concedidos como póstumo homenaxe ao falecemento de personalidades nas que concorran os merecementos citados.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 04/10/2021 12:37:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 04/10/2021 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: BmRFnPUM45bVyMw+PIBz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ARTIGO 6. CONCESIÓN

A concesión de título de fillo/a predilecto/a e de fillo/a adoptivo/a será acordada, a proposta da Alcaldía-Presidencia (ou do órgano no que delegue), polo Concello Pleno co voto favorable da maioría absoluta dos membros da Corporación.

ARTIGO 7. TÍTULO

7.1.- Aprobada a concesión polo Concello Pleno, o título entregarase en presenza da Corporación, convocada ao efecto para a celebración do acto solemne, que se levará a cabo no lugar que se estime idóneo, os efectos de permitir a asistencia dos cidadáns.

